



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO (PROMOCIÓN INTERNA) .

Consonte coa base 7ª das que rexen a convocatoria do proceso selectivo para cubrir unha praza de intendente do corpo da Policía Local, polo procedemento de promoción interna, incluída na oferta de emprego público de 2015 (BOP núm. 124, do 30 de xuño de 2016), o tribunal, por medio do seu presidente, poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Tendo en conta que o primeiro exercicio consiste en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 120 preguntas, considérase imprescindible a asistencia de persoal auxiliar para garantir o axeitado desenvolvemento material da proba

Á vista da citada base e a proposta do tribunal, esta Concellería de Goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Designar en calidade de persoal auxiliar do tribunal do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de intendente da Policía Local a dona **Susana Ortigueira Folgar**, xefa do negociado de Protocolo.

Así o ordena e dispón o Concelleiro da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a 15/12/2016, do que o secretario da Administración Municipal, da fe.

O concelleiro,

Vicente Legisima García

O secretario da admón. municipal,

Jose Carlos Castiñeira Piñeiro.